

## OS CELEBRES



### As célebres da semana

(As hespanholas Elisa e Marcela)

Meninas: isso é coisa que se faça  
Brincar com tão sagrado sacramento?  
Recollam já, ordena o *Suplemento*,  
Ao *cheliñdró*, por via da chalaça.

O caso, já se vê, tem sua graça  
E no fundo têm chiste o pensamento,  
Mas encarem a serio o casamento;  
Que un padre, hespanholitas, não se em-

# Marcela e Elisa

## Un amor que conmoveu o mundo

O matrimonio é cheio d'empedidos;  
E os casais, u' cheliñdró, não se em-

No primeiro ano do século XX, medio mundo quedou impresionado por unha historia de amor que rompeu os tópicos e traspasou as leis eclesiásticas e sociais da época: dúas mulleres coruñesas, Elisa e Marcela, consumaron o máis insólito que se oíra na época: un matrimonio sen homes. A historia destas dúas mulleres, que burlaron as estreiteces relixiosas travestíndose Elisa de home, conxuga a paixón amorosa cunha teimosa insistencia en conseguir o que máis arelaban: casar e formar unha familia. Perseguidas pola Xustiza en España, refuxiadas en Portugal –onde pasaron polo cárcere e Marcela tivo unha filla– e finalmente emigrantes en Arxentina –onde se perderon as súas pegadas tras o rocambolesco matrimonio de Elisa cun

# *Elisa e Marcela*

A.R. López/Montse Dopico

danés–, a parella motivou unha tumultuosa polémica nos medios de comunicación onde participou, incluso, Pardo Bazán para defender as acusadas. Un século despois, o pedagogo **Narciso de Gabriel** rescatou do esquecemento a súa historia e conformou con ela un libro chamado a ser referente nas investigacións sobre as identidades e o xénero: *Alén dos homes*. Editado por Nigratrea. O volume non só se enfrenta á crónica de Elisa e de Marcela senón que, ademais, expón un abondoso material sobre as cuestións que rodean a súa peripecia, desde o lesbianismo ao hermafroditismo, pasando polas implicacións legais. O próximo día 26, *Alén dos homes* será presentado na galería Sargadelos de Compostela, nun acto que trata ao tempo de reivindicar un amor plenamente revolucionario.




Nesta páxina, Marcela e Elisa na foto que fixeron o día da súa voda na Igrexa coruñesa de San Xurxo. Na portada, as dúas mulleres vistas polo suplemento ilustrado de 'O Século'. Na contraportada, algunhas das informacións saídas sobre o acontecemento da súa voda

# E

Elisa tiña 23 anos e Marcela 18 cando se coñeceron. Foi na Coruña, na Escola Normal –unha especie de escola de maxisterio–, onde Elisa desempeñaba un posto na administración e Marcela se preparaba para mestra. “¡Se vises que amiga máis simpática e máis boa teño!”, díxolle Marcela á súa nai e á nai sorprendeulle o entusiasmo. Pero máis lle sorprende a paixón que as dúas mulleres amosaron co paso dos días: Non querían –ou non podían, tal era a natureza do seu incipiente amor– separarse. E como non podían separarse, os pais de Marcela decidiron poñer terra por medio: mandárona catro meses a Madrid. O día anterior á partida –escribe Narciso de Gabriel na súa biografía sobre a parella– Marcela sufriu un “violento acceso nervioso” e escribiulle a Elisa, que se presentou decontado na casa da súa amiga e intentou, inutilmente, vela: os pais impedíronllo. Así comeza unha das historias de amor máis intensas que nunca se oíran e que ningún escritor lograra aínda imaxinar como material dunha novela.

Esa primeira e traumática separación non durou moito. Transcorridos os catro meses, Marcela volveu a Coruña e, dalgún xeito, decidiu tomar as redes do seu destino: fíxose mestra dunha escola en Traba, Concello de Coristanco, moi preto de onde Elisa collera, no entanto, unha praza interina. As dúas comezan a ter unha vida en común. Tras algúns problemas coas institucións docentes por cuestións administrativas e algúns cambios de escola, Marcela toma posesión, no 1899, dunha escola en Dumbría, mentres Elisa vai rodando por distintas interinidades. se os seus respectivos traballos as separaban, facían todo o posible por vérense. Elisa percorría todas noites, por exemplo, os once quilómetros que separaban a súa escola en Calo –Coristanco– da de Dumbría e para defenderse “se



Arriba, o coche no que Elisa e Marcela viaxaron a Dumbría despois da súa voda. No centro, foto de Elisa no interior do Aljube, negándose a ser retratada por ‘El Suceso Ilustrado’. Abaixo, unha das casas na que as dúas mulleres viviron durante a súa estada no Porto

## ‘As vodas da semellanza’

O matrimonio entre persoas do mesmo sexo é hoxe legal só en España e nuns cantados países, pero na antigüidade foi unha institución cun certo recoñecemento, desde as culturas amériodias á grega ou á polinesia. O máis profundo investigador deste fenómeno, John Eastburn Boswell, demostra na súa monumental obra ‘As vodas da semellanza’, que a igrexa cristiá primitiva era moi tolerante coas relacións tanto eróticas coma emocionais entre homes e que ademais as oficializaba e as santificaba mediante unha cerimonia de irmandade do mundo.

## A defensa de Pardo Bazán

Unha das máximas defensoras da parella, e concretamente de Elisa, foi a escritora galega Emilia Pardo Bazán, que nas súas accións –comparables, dicía, ás da monxa Alférez– revelaba “unha intelixencia nada común e son materia de asombro para os novelistas”. E engadía nun longo artigo, “para conseguir esta transmigración de femia a home –o único, segundo fama, que non cabe nas tradicións do Parlamento inglés–, necesítase unha habilidade extraordinaria, e que quer a realizou, calquera que sexan os seus fins, non é un ser vulgar”.

alguén a atacaba, levaba sempre un excelente revólver. Disque adoitaba usar unha navalla ou puñaliño, do cal non se afastaba nunca", sublíñase nunha información periodística da época. Cando Elisa non traballaba como mestra, realizaba os labores da casa mentres a súa compañeira facía escola: "Non tiñan criada. Era Elisa quen ía lavar a roupa ao río, quen ía buscar auga á fonte, quen se ocupaba da cociña e do traballo da casa", relata o xornal *O Primeiro de Janeiro* no 1901, cando a historia das dúas mulleres se convertera nun acontecemento mundial.

A súa relación non levantaba sospeitas en Dumbria, a pesar de que, algunhas veces, había liortas na casa e, mesmo, houbo un intento de suicidio con láudano por parte de Elisa ao anunciarlle Marcela que marcharía para casa da súa nai. Non cabe dúbida de que o temperamento de Elisa era endiañado: en dúas ocasións, polo menos, retou a duelo dous pretendentes da súa amiga.

A xuíza de Narciso de Gabriel, estas liortas sérvenlle de argumentos a Elisa para xustificar, nun momento determinado –a primavera do 1901–, que deixe Dumbria e marche á Coruña coa intención –diciá– de embarcar cara á Habana. Ao mesmo tempo, Marcela fai público que contraerá matrimonio con Mario, un curmán indiano de Elisa, coa que garda –encárgase de difundir– un enorme parecido, "É da súa mesma estatura, ten a mesma voz e iguais maneiras, iata o mesmo xenio! En fin, se non se tratase dun home e dunha muller, semellaría que eran a mesma persoa", transcríbese nunha información sobre o escándalo da parella aparecido en *La Voz de Galicia* no 1901.

Na Coruña, Elisa comeza un radical proceso de transformismo que a converterá en Mario Sánchez Loriga: corta o pelo, viste roupa masculina, cultiva un pequeno bigote e comeza a fumar. En calidade xa de futuro esposo, envíalle cartas á súa prometida, das que ela dá cumprida conta en Dumbria, léndolles aos veciños os anacos máis agarimosos. Elisa –ou Mario– non queda no físico e trebella cun crego da parroquia de San Xurxo os papeis necesarios para contraer matrimonio, algúns verdadeiramente difíciles como a acta de bautismo. Unha vez solucionados os trámites, casan nunha discreta cerimonia. Segundo a descrición de Narciso de Gabriel, Marcela levaba un vestido escuro, cubríase cun mantón e apertaba un pequeno ramo de azar contra o peito. Mario vestía traxe novo de boa factura e ía engalanado cunha cadea de ouro e aneis. A proveitaron a ocasión para facer un retrato no fotógrafo José Sellier, un francés asentado na Coruña. "O seu proxecto, sumamente arriscado, case quimérico, fixérase realidade", escribe De Gabriel.

A tranquilidade durou apenas uns días. De regreso a Dumbria, fixeron unha parada en Vimianzo e rapidamente correuse a voz de que no coche de cabalos ía dona Elisa vestida de home e ataviado cun chapeu cordobés. A xente aglomerouse ante o coche e comezou a insultalas. En Dumbria, non lles foi mellor: os veciños rodearon a casa das mestras e armaron unha chocallada das que perduran na memoria civil. Querían recoñecer a Elisa, polas boas ou polas malas –evoca De Gabriel– e comprobar cal era o seu sexo real, xa que ela, nunha estratexia para darlle coherencia ao asunto, definiuse como hermafrodita. Había tamén quen quería darlles unha tunda. Elisa foxe e Marcela, ante presión, recoñece que Mario era o seu trasunto, aínda que "deben saber vostedes que ten máis de home que de muller", díxolle a un xornalista. A prensa atopa

na relación, e no escándalo, un filón que explotará durante meses.

Ante a situación, a parella decide cambiar de aires e viaxan por separado ao Porto, onde Mario –agora faise chamar Pepe– traballa de xastre e Marcela no Café Lisbonense, rexentado por un matrimonio co que establecerá unha certa amizade. Pero como as autoridades españolas andaban atrás delas, non tardaron en descubrirlas gracias á axuda da policía portuguesa. A súa detención e encarceramento converteuse nun auténtico acontecemento mediático na época, cunha acalorada polémica arredor da posibilidade de extraditalas, como se reclamaba desde España. Mentres a maioría da prensa portuguesa saíu na defensa dos *noivos de contrabando* –como foron definidos–, a española acirra as xenreiras polo carácter sacrílego do casoiro e a ofensa á institución matrimonial. Porén, os españois residentes no Porto e numerosos portugueses dirixiron un escrito ao Ministerio de Xustiza español para pedirlle clemencia.

O 29 de agosto do 1901, transcorridos os oito días de prisión preventiva sen que os tribunais se pronunciasen sobre os delitos que lles imputaban e tras superar un novo intento da policía para detelas, Elisa e Marcela quedan en liberdade. A súa liberación foi celebrada por todos os medios, que se facían eco do sentir maioritario da poboación portuense. Como agradecemento, elas visitaron o día 30 pola noite a redacción do *Jornal de Noticias* e entregáronlle unha carta de agradecemento polos apoios, que posteriormente sería publicada.

Continuaron no Porto, nunha vida discreta que quebrou cando transcedeu que Marcela tivera unha filla "bonita e forte", como indicaba o *Jornal de Noticias*. Os trafegos xudiciais tamén se reiniciaron e son vulgadas: quedan absoltas, se ben o goberno portugués acorda concederlles a extradición a España. Ante un horizonte de novo escuro, embárcanse rumbo a Bos Aires, onde vivirán, baixo os nomes de María e Carmen, o último banzo coñecido da súa aventura: María –Elisa– casa con Christian Jensen, un emigrante danés de 64 anos. Ela cumprira xa os corenta. Ao casar, Jensen vende o pequeno comercio que rexentaba e trasládase a unha granxa en Banderoló, onde a relación da parella heterosexual resulta un martirio, entre outras razóns porque María –adoito triste– non quere consumir o matrimonio. Esa tristeza cambia cando chegan Carmen –preséntaa como a súa irmá– e a nena, nunha efusión emocional que esperta as sospeitas do danés. Inicia as investigacións e "chegou á convicción profunda de que está casado con Mario Sánchez, o esposo de Carmen Gracia, a quen lle presentaron como irmá da súa muller", segundo o xornal *La Prensa*. Foi nese momento cando comezou a sospeitar que María casara con el "con propósitos criminais e que, á bigamia e simulación de que a acusa, deben engadirse os delitos de tentativa de homicidio e de defraudación, referindo feitos e circunstancias que semellan comprobar o seu aserto", publicou *La Nación*.

Jensen presentou unha denuncia e o xuíz do caso centrouse en determinar a condición sexual de María: os médicos comprobaron que era unha muller, non un hermafrodita. Como non había probas do resto das acusacións, o caso sobreseuse. A partir de aí, ningún volveu saber nada de María-Mario-Elisa nin de Marcela-Carmen. As súas vidas perdéronse nas torrenteiras da Arxentina. O máis probable é que permanecesen xuntas até o último fío de aire das súas bocas. ■

# Narciso de Gabriel: o pedagogo inquieto

6 | rdl

Galicia Nova 19/02/09

**Narciso de Gabriel (O Cádavo, 1955) é catedrático de Teoría e Historia da Educación e un dos investigadores que con maior constancia indagou na historia pedagóxica de Galicia. Autor de títulos como *Escolantes e escolas do ferrado* (2001, premio María Barbeito, Losada Diéguez e da Crítica) ou de *Ler e escribir en Galicia* (2006, Premio de Investigación Concepción Arenal), Narciso de Gabriel traballou durante máis dunha década na súa crónica *Elisa e Marcela*, probablemente a máis ambiciosa obra publicada en Galicia sobre o homoerotismo e as súas latitudes adxacentes.**

*¿Como un pedagogo chega a interesarse por unha cuestión como a relación entre Elisa e Marcela?*

O meu encontro con elas foi casual. Estaba traballando no Arquivo Histórico Universitario de Santiago sobre os expedientes disciplinarios a que foi sometido o maxisterio galego durante a segunda metade do século XIX e os primeiros anos do XX cando apareceu un expediente instruído a Marcela Gracia Ibeas por non atender debidamente a escola de Dumbria, que se resolveu coa súa separación do ensino. O abandono total ou parcial das funcións docentes era o cargo máis usual neste tipo de procesos disciplinarios, de modo que o caso non tiña nada de singular. O sorprendente radicaba en que Marcela casara cun tal Mario na igrexa de San Xurxo da Coruña o 8 de xuño de 1901, descubríndose uns días máis tarde que Mario era en realidade Elisa Sánchez Loriga. En definitiva, Marcela e Elisa foran as protagonistas dun "matrimonio sen home", como titulará a prensa da época.

*¿Atraiache tanto como para dedicarlle tantos anos de traballo?*

O encontro inicial produciuse en maio de 1993, e durante ese ano e os dous seguintes percorrín, acompañado da miña muller, as hemerotecas e arquivos de Galicia, Madrid, O Porto, Lisboa e Bos Aires, buscando as fontes que me permitisen reconstruír esta historia. Nun primeiro momento a investigación tivo moito de detectivesco, pois eran moitas as interrogantes que había que despegar, e había que facelo a partir de pistas incertas: ¿cal era o móbil do matrimonio?, ¿que fora delas despois de se descubrir o engano?, ¿consegurira xulgalas a xustiza española por matrimonio ilegal?, ¿fuxiran a Portugal?, ¿foi América o seu último destino?, ¿que quería dicir Elisa cando se declaraba hermafrodita?... Estas interrogantes bulían na miña cabeza e recibiron diversas respostas. Logo decidín darlles prioridade a outros traballos e abandonei o asunto ata o 2001, aínda que sen esquecerlo de todo. E no 2001 comecei a escribir, con diversas interrupcións, a historia, que rematei nos inicios de 2008.

*Unha das cuestións que máis sorprende da historia que narras é a repercusión que tivo na época.*

Foi espectacular. O primeiro que informou sobre o atípico matrimonio foi 'El Noroeste', e logo o resto da prensa galega, encabezada por 'La Voz de Galicia', e tamén a madrileña, destacando 'El Imparcial'. Elisa e Marcela foron primeira páxina nos máis importantes xornais españois durante os meses de xuño, xullo e agosto de 1901, pois o interese do público polas "safos galegas" era enorme. Tamén se interesaron por elas as revistas gráficas, que rivalizaban por reproducir a fotografía do matrimonio realizada por Sellier, un francés radicado na Coruña, que ao parecer foi o autor da primeira película rodada en España. 'Nuevo Mundo' vendeu só en Madrid 19.000 exemplares en dous días, cifra non superada ata entón por ningún outro semanario. A xente devecía por ollar a fotografía e poñerlles cara ás protagonistas do singular matrimonio, e sobre todo á que fixera de home.

*Tamén sorprende a defensa que se fixo desde algúns medios de comunicación da parella.*

Esta defensa obsérvase sobre todo na prensa portuguesa. Ao

se descubrir en Galicia que Mario era realmente Elisa, as dúas mulleres víronse obrigadas a fuxir a Portugal, onde foron detidas, a petición da xustiza española. A prensa portuguesa informou sobre "as dúas españolas do casamento simulado" desde o día mesmo da súa detención, o 16 de agosto, e fíxoo con máis intensidade aínda que a española, por considerar que o caso ía ser moi rendible, como así será. Mario —identificado xa como Elisa— e Marcela pedíronlles discreción aos xornalistas, pero visto que non a conseguían, fixeron con eles un trato implícito: elas forneceríanlles información e eles converteríanse en avogados da súa causa, presentándoas como dúas desgraciadas dignas de compaixón. E a sociedade portuguesa, despois de rirse delas e denigralas, ofreceulle solidariedade e axuda: cartos para aliviar a súa precaria situación económica, compañía no cárcere, petición de clemencia ao Goberno español...

*No libro, non expresas claramente como ti cres que foi a relación entre estas dúas mulleres. Máis ben, prefíres ofrecer datos empíricos. Pero se che preguntara, desde a túa intuición, como imaxinas esa relación, ¿que dirías?*

Unha das primeiras lectoras do libro chamoume por teléfono para felicitar-me e preguntoume: ¿pensas que se querían? Poucos días despois, Manuel Rivas publicou un artigo titulado "A máis extraordinaria historia de amor", que daba resposta a esta pregunta. Eu penso que si, que se querían. Coñecéronse un día na Escola Normal da Coruña, situada daquela na praza de María Pita, onde Marcela estudaba e Elisa traballaba, posiblemente en labores de administración ou servizos, e simpatizaron. Nos días seguintes pasearon xuntas pola beiramar e nun determinado momento colléronse das mans e intercambiaron palabras e promesas amorosas ollando o mar do Orzán. Logo exerceron a profesión de mestras nos concellos de Coristanco, Vimianzo e Dumbria, sempre xuntas ou o máis próximas posible, compartindo praceres e pesares, e superando desencontros. Como querían prolongar e legalizar esta convivencia pensaron en casar, e xa que a sociedade da época non permitía tal cousa entre dúas mulleres, Elisa transformouse en Mario. Tamén querían ter fillos, e como aínda non existían bancos de semente, Marcela utilizou os servizos dun mozo de Dumbria para quedar embarazada. Así imaxino eu a historia. Só cometeron un erro, volveren a Dumbria como marido e muller.

*¿Que pensas que pasou despois, cando se perde toda pegada da parella en América? ¿Non tiveches a tentación de buscar a súa filla?*

Esta é a principal interrogante que resta por despegar. O relato remata con Elisa e Marcela en Bos Aires en 1904. Elisa casara cun dinamarqués, un tal Jensen, que a denunciara por negarse a consumir o matrimonio e intentar acelerar a súa morte, digámolo así, porque as fontes de que dispoñemos son moi precarias para facer afirmacións contundentes. O xuíz que se ocupou do asunto, unha vez comprobado que Elisa era muller, decidiu sobreeser o caso por falta de probas. Eu supoño que a partir dese momento o matrimonio con Jensen non duraría moito e que Elisa continuaría vivindo coa súa inseparable amiga, que efectivamente tiña unha filla, nacida en Portugal en xaneiro de 1902, concretamente a noite de Reis. En 1995 estiven en Bos Aires, e se a filla vivise tería daquela 93 anos. Pero non dei con ela. Espero que coa publicación do libro apareza alguén que poida darlle continuidade ao meu relato.

*O libro abrangue un enfoque amplo: homosexualidade, hermafroditismo, travestismo... ¿Cal é o fio teórico que sostén este percorrido?*

Eu tiña claro que había que contar unha historia, analizar os procesos académico e xudicial a que foron sometidas e considerar a repercusión pública do caso, e isto é o que se fai na pri-



meira parte do libro. Pero ao mesmo tempo quería comprender esta historia, e para aprofundar nela tropecei cun atranco difícil de superar: Marcela e Elisa non nos deixaron testemuños directos, ou polo menos eu non dei con eles. Así que decíñ unhas outras historias mellor documentadas, coa esperanza de que contribuísen a facer máis intelixible esta. Son historias, literarias ou reais, das que foron protagonistas hermafroditas, travestidas ou lesbianas, algunhas das cales tamén casaron con outra muller. Posiblemente non haxa ningún fío teórico preciso, máis alá do que conduce desde o hermafroditismo ao lesbianismo. En todo caso, un dos autores que está máis presente no meu traballo é Foucault, un pensador que ten intuicións xeniais, aínda que haxa que lelo con coidado, pois o seu discurso resulta ás veces excesivamente engaiolante...

*Nas achegas que propoñes, figura unha especialmente reveladora: como o concepto de homosexualidade se desprende dun termo envolvente: o hermafroditismo.*

Como che dicía, Elisa e Marcela non nos legaron documentos que nos permitían reconstruír con precisión como se percibían. Só Elisa se deu unha identidade, que Marcela corroboraba, e coa que seguramente pretendía explicar a razón de ser do seu matrimonio: era hermafrodita. Así que había que comezar por descifrar o significado desta enigmática palabra, o que non resultou para min unha empresa fácil. De entrada descubrí, como descubren case todos os que se internan nestes dominios, que o hermafroditismo, denominado actualmente intersexualidade, é unha condición bastante máis frecuente do que adoitam pensar. Na miña opinión, cando Elisa se declarou hermafrodita procuraba na natureza xustificación para unha conduta que non tiña cobertura na cultura do seu tempo. Pero o mesmo facían os psiquiatras, que buscarán durante moito tempo na anatomía signos explicativos da homosexualidade. E con independencia de posibles anomalías anatómicas, o certo é que a homosexualidade foi interpretada inicialmente pola psiquiatría como unha especie de androxinia interior ou hermafroditismo da alma, para dicilo con palabras de Foucault. Podemos concluír entón que ao se declarar hermafrodita Elisa non ía moi desencamiada... É moi posible que o fixese logo de ler algún tratado de medicina, aos que era afeccionada.

*¿Percibes algunha posible relación entre nacionalismo e arquetipos xenéricos? É dicir: en case todas as culturas, dáse por exemplo o fenómeno de que a homosexualidade é algo estranxeiro...*

Convén recoñecer de entrada que eu non son un experto en homosexualidade, simplemente me documentei para poder contar cun certo criterio a historia de Elisa e Marcela. Pero é certo que case todas as sociedades tenden a situar o "mal" alén das súas fronteiras, como demostrou Laure Murat en *La loi du genre*. Une histoire culturelle du 'troisième sexe': para os franceses a homosexualidade sería o "vicio" italiano, para os alemáns a súa orixe sería francesa e alemá para os ingleses. Ao se facer público o caso que nos ocupa, un dos poucos médicos galegos que se pronunciou sobre el tamén sostíña que este fenómeno patolóxico era moi raro en Galicia... A mesma tendencia se observa nas discusións sobre o tamaño do clitoris, relacionadas co hermafroditismo: os clitoris "monstruosos" eran típicos de climas exóticos, e non de Inglaterra, onde só se coñecía un caso, segundo afirmaba unha comadroua inglesa no século XVII. Resultaba un alivio situar a "enfermidade" no exterior da propia sociedade, por máis que as investigacións científicas demostrarán que a homosexualidade estaba presente, con máis ou menos intensidade, en todos os tempos e culturas.

*Un século despois, a sociedade séguelle dando voltas á mesma cuestión: o matrimonio entre persoas do mesmo sexo...*

Elisa e Marcela demostraron, cando menos, que o matrimonio homosexual non é un invento do presidente Rodríguez Zapatero. Que algunhas e algúns homosexuais queren casar e están dispostos a facer o que sexa para conseguilo. E resulta preocupante que unha parte da sociedade lles negue este dereito. Eu non quero trivializar, e recoñezo que todos fomos socializados nunha cultura na que o matrimonio se definía como a unión dun home e dunha muller, polo que necesitamos facer un esforzo para asumir que tamén pode casar un home con outro home ou unha muller con outra muller. Pero o esforzo é puramente mental: non se nos pide nada máis, só tolerancia e, se é posible, recoñecemento. De aí que resulte moi apropiado incluír esta temática na nova disciplina de "Educación para a cidadanía". Porque se trata de ir ampliando dereitos e creando novos consensos arredor deles. No tocante á sexualidade, trátase de difundir a convicción de que todos temos o dereito de canalizar as nosas opcións sexuais na dirección que estimemos máis oportuna e no marco que desexemos, matrimonial ou extramatrimonial. A sociedade só debe preocuparse por garantir que ese dereito non choque con outros.

*¿Como recibiron as feministas o teu discurso?*

Antes de ser publicado, o libro lérono catro mulleres, todas elas feministas, aínda que cada unha ao seu xeito. Todas o valoraron globalmente de forma positiva, mais é certo que a algunhas lles preocupaba que eu buscase o "escándalo" ao reconstruír esta historia e outras consideraban que tiña un excesivo peso a perspectiva médica, sobre todo nos capítulos dedicados ao hermafroditismo e ao lesbianismo. É evidente que se o libro fose escrito por unha feminista, unha lesbiana, unha feminista lesbiana ou unha lesbiana feminista o resultado non sería o mesmo, mais tampouco o sería se o autor fose outro home. Revolución francesa só houbo unha, pero cada corrente historiográfica e historiador ofrécennos a súa propia versión...

*¿E os colectivos de mulleres e homes homosexuais?*

O colectivo homosexual coruñés Milhomes, encabezado por José Carlos Alonso Sánchez, leva varios anos batallando para que Elisa e Marcela sexan coñecidas e recoñecidas: creou un premio que leva o nome das dúas mestras, deu a coñecer a historia a través da prensa e de internet, reclamou que se dese o seu nome a unha rúa coruñesa... e está a contribuír tamén á difusión do meu libro. O día 7 deste mesmo mes, o Colectivo socialista lgtb Siete Colores organizou un acto, ao que fun convidado, para homenaxear a Elisa e Marcela como precursoras do matrimonio homosexual, segundo se pode ler nunha placa situada ao pé dunha árbore no parque coruñés de San Diego.

*Co acopio de material que inclúes no libro, ¿pensas seguir indagando na cuestión, non xa da parella senón no terreo das identidades?*

Non é seguro que siga no tema da sexualidade, aínda que teño en proxecto desde hai tempo un estudo sobre a masturbación, que non sei se chegarei a facer algún día. Trataríase de analizar, seguindo o ronsel trazado por Foucault, a evolución dos discursos e prácticas educativas articulados arredor da cuestión. O máis probable é que nos próximos anos me centre en contar outras historias sobre mestras e mestras, que seguramente non serán tan extraordinarias como a de Elisa e Marcela, mestras tamén. ■

EL MATRIMONIO...  
...inguido todavía...  
...que proporciona...  
...mundo las...  
...sa información acerca...  
...Notas...  
...Casi tres columna...

# Elisa y Marcela

Dice el *Diario de Oporto*  
«Nos consta que la...»  
DE OPORTO

## El matrimonio sin hombre

Detenidas

MADRID 17, 1'15 - Han sido detenidas en Oporto Elisa Sanchez y Marcela Gracia.

## Las casadas de la Coruña

Tres recortes de interés:

«Elisa y Marcela han nombrado su abogado a D. Alvaro Vasconcellos, uno de los letrados más distinguidos del foro portuense.»

## La detención

sa-Mario Sánchez y Marcela Gracia

sa de Oporto publica detalle de la detención de Elisa y Marcela, en la línea de LA CORUÑA

## Mario y Marcela

Nuestro colega de Oporto el *Diario Tarde* dice:  
«La prisión...»

DE LA CORUÑA

## NOTAS PARA UNA NOVELA DE PAUL DE KOCK

Leemos en *El Noroeste*:

«Lugar del suceso, una parroquia del distrito de Corcubión. Personajes: la pareja...»

## Matrimonio sin hombre

Responsabilidad jurídica  
de La Coruña  
líneas de un...

## Un caso análogo al de la Coruña

estos días se ha ocurrido a tres mujeres de La Coruña de haber reaparecido en Buenos Aires esa enigmática pareja. Dado también...

## EL FOMENTO DEL ESCANDALO

Más de una vez hemos protestado...

## Un suceso original

## MATRIMONIO DE DOS MUJERES

...nalísimo sirve actualidad pública...

## ILUSTRADO

domingo día 14. Pequeña foto... Opinión... con el r... entrevista... -Juez (f... dijo la u...

## EL MATRIMONIO SIN HOMBRE

Su captura

La prensa de Oporto...

MARIO-ELISA ANTE LA CIENCIA

## LO QUE DICE UN MÉDICO

ASUNTO RONDOSO

## BASTA DE BODA

## El matrimonio sin hombre

Los protagonistas en Buenos Aires  
EL ESPOSO CASADO NUEVAMENTE  
¿Es hombre ó mujer?  
INTERVENCIÓN DE LA...  
Cuando...

## UN MATRIMONIO SIN HOMBRE